

**GALARDÓN A AELG** recoñece a obra de X.M. Álvarez Cáccamo

# O mellor libro do ano

**'Ancoradoiro' é unha compilación da poesía xa publicada polo poeta desde 1983 ata a actualidade**

maré • Santiago

O libro *Ancoradoiro* de Xosé María Álvarez Cáccamo, un dos escritores máis galardoados e recoñecidos da xeración dos oitenta, converteuse no gañador do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2004 á mellor obra do ano. O libro, editado por Espiral Maior, é a compilación da obra xa publicada de Cáccamo.

O escritor recibirá o vindeiro venres 15 de outubro o premio no transcurso da xa tradicional Cea das Letras da asociación, prevista nun restaurante compostelán. O Premio consiste nunha pluma estilográfica grabada co lema da súa convocatoria.

Os máis de 200 socios da asoci-

ción son os que están chamados a votar a quen consideren autor/a do mellor libro publicado no ano anterior. Para o sistema de voto, estreado hai dous anos e modificado o ano pasado a fin de incentivar aínda máis a participación, contouse cun comité preseleccionador formado por 10 persoas nomeadas polo equipo directiva; da convención dos seus votos xurdiu un listado de nove obras finalistas, das que había que votar unha soa obra gañadora mediante boletíns numerados remitidos a todos os socios e socias, contando, ademais, coa posibilidade de elixir outra obra que non se atopase entre estas catro finalistas.

As nove obras finalistas, que abranguen todos os xéneros agás o dramático foron, ademais de *Ancoradoiro*, as obras (*Cito*) de Emma Couceiro, *Por conto alleo* de Camilo Franco, *Casa última* de Xulio López Valcárcel, *Fálame* de Antón Lopo, *A construción nacional no discurso de Otero Pedrayo* de Carme F. Pérez, *A esfínxe de amaranto* de Antón Rivei-



Xosé María Álvarez Cáccamo (esquerda) xunto a Fernán-Vello

A CERNA

## Unha xeración recoñecida

Sen dúbida algunha, a xeración dos oitenta axigántase a medida que o tempo pasa e os seus membros se convirten en hexemónicos do recoñecemento, tanto da crítica como dos propios escritores, que neles ven o símbolo dun estilo poético onde conflúen o canon do país e o activismo do compromiso político, como é o caso do propio Cáccamo. El,

Ramiro Fonte, Manuel Rivas, Xulio López Valcárcel, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Forcadela, Román Raña, Pilar Pallarés, Xavier Seoane ou Vázquez Pintor –por citar só algúns de maior recoñecemento social e crítico– conforman unha constelación de forte presenza na bóveda celeste da Literatura galega das últimas décadas.

ro Coello, *Traxectorias* de Vitor Vaqueiro e *Mar de bronce* de Xosé Vázquez Pintor.

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) está considerado un dos autores máis representativos da literatura galega actual. Segundo a AELG, este poeta –que tamén cultivou a narrativa, o ensaio ou o xénero dramático– “é un home comprometido coa cultura, e non só, do seu país, senón tamén como contribuínte á consolidación da Asociación que hoxe o premia”. ●